

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de XANEIRO de 2004**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 30 de xaneiro de 2004, ás dezaoito horas.

### ASUNTOS

\*Declaración institucional sobre a situación do sector naval na ría de Ferrol.

\*Declaración institucional sobre sentenza contra o alcalde de Toques.

#### Central-Actas

1.- Aprobación da acta anterior, nº 15/03, correspondente á sesión celebrada o 19 de decembro de 2003.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola presidencia, da nº 20.800 de 2003 á nº 165 de 2004.

3.- Toma de coñecemento da resolución da presidencia nº 22.061, pola que se delegan facultades de xestión nos asuntos relacionados co Polígono de Sabón.

4.- Toma de coñecemento da resolución da presidencia nº 188, pola que se delegan funcións de coordinación e funcionamento da Imprenta Provincial.

5.- Toma de coñecemento da resolución da presidencia nº 4, pola que se cambia a denominación da Comisión de Goberno.

#### Economía, Facenda e Especial de Contas

6.- Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2004.

#### Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización lingüística

7.- Proposta de modificación do convenio regulador das prestacións de servizos da Comunidade “*Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul*” no fogar infantil “Emilio Romay”.

#### Cooperación e Asistencia aos concellos

8.- Convenio con entidades locais en aplicación do artigo 38.4 b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (portelo único).

### **Infraestructuras viarias: vías e obras provinciais**

9.- Plan de conservación de vías provinciais 2004, 1ª fase: Relación de obras que se van incluir.

### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

10.- Aprobación da rectificación anual do inventario dos Bens da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

11.- Ratificación da Resolución da Presidencia nº 22701 de data 26/12/2003 relativa á modificación da composición da Mesa de Contratación da Deputación Provincial da Coruña pola xubilación do interventor xeral dela, don Jesús Loscos Puig.

### **Persoal e Réxime Interior**

12.- Dar conta ao Pleno dos deputados que van desempeñar o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

13.- Designación do vocal representante no Consello de Dirección de IFECO (Instituto Feiral da Coruña).

14.- Aprobación dos méritos específicos que determinará a Corporación para a provisión mediante concurso do posto de Interventor Xeral da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS



DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dazaoito horas, o señor secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, con relación ós cales, por unanimidade, bardante nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Hai dúas declaracións institucionais, que lle rogo ao Sr. secretario que lea.

A continuación o Sr. secretario procede a ler as seguintes declaracións:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE A  
SITUACIÓN DO SECTOR NAVAL NA RÍA DE FERROL

A Deputación Provincial da Coruña, á vista do incerto futuro da empresa Izar e fundamente preocupada por tal situación, demanda da Xunta de Galicia, e a través dela ó Goberno do Estado, a realización de todas as xestións que sexan necesarias diante dos responsables da SEPI co fin de que se adopten as decisións necesarias para a conformación, dentro da empresa Izar, dun complexo integral da construción naval na ría de Ferrol. Elo permitiría afrontar todas as actividades de produccion, tanto con fines civís como militares, e podería acadarse a mellora da eficiencia da dita empresa como mellor garantía da súa viabilidade futura.

Ó mesmo tempo, e dado o carácter estratéxico que o sector naval ten no tecido económico da comarca de Ferrolterra, esta Deputación entende que é imprescindible o afortalamiento de tal sector productivo na mesma medida que o mantemento dos postos de traballo. Por elo, é determinante a resolución do proceso de negociación colectiva e a volta de Izar-Fene á construción naval convencional e, na mesma liña, non sería aceptable

calquera tentativa de regulación de emprego, por canto só podería entenderse como un novo paso cara ó peche do centro de traballo de Izar-Fene.

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA Á SITUACIÓN CREADA POLA SENTENZA CONTRA DO ALCALDE DE TOQUES POR ABUSOS SEXUAIS

Perante a situación creada logo da sentenza condenatoria contra do alcalde do concello de Toques por abusos sexuais a unha menor e, á vista do clima social derivado tanto do propio contido da sentenza como, fundamentalmente, da actitude adoptada polo Alcalde, queremos manifestar:

1.-O noso rotundo rexeitamento a calquer manifestación de violencia de xénero que se produza, máxime cando, como no presente caso, existe o agravante de tratarse dunha menor.

2.-A nosa convicción de que diante de feitos destas características, o conxunto da sociedade debe de manter un nivel de tolerancia cero, aillando tanto aos agresores como a aqueles que, por activa ou por pasiva, tratan de encubrilos.

3.-Xa que logo e, vindo unha actitude destas características dunha persoa que exerce un cargo de representación municipal, como Deputación ao servizo das entidades locais e dos seus representados e representadas entendemos que procede manifestar a nosa petición de dimisión do Alcalde de Toques.

Sr. presidente

Ambas as declaracións foron presentadas polos tres grupos que forman parte desta deputación, polo tanto non procede a votación.

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 15/03, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 19 DE DECEMBRO DE 2003.**

Aprobábase a acta da sesión anterior, nº 15/03, correspondente á celebrada o 19 de decembro de 2003.

### **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 20.800 DE 2003 Á Nº 165 DE 2004.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.800 de 2003, até a nº 165 de 2004.

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 22.061, POLA QUE SE DELEGAN FACULTADES DE XESTIÓN NOS ASUNTOS RELACIONADOS CO POLÍGONO DE SABÓN.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 22.061/03, pola que se delegan facultades de xestión nos asuntos relacionados co Polígono de Sabón nos deputados dona Pilar Souto Iglesias e don José García Liñares.

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 188, POLA QUE SE DELEGAN FUNCÍONS DE COORDINACIÓN E FUNCIONAMIENTO DA IMPRENTA PROVINCIAL.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 188/04, pola que se delegan funcións de coordinación e funcionamento da Imprenta provincial na deputada Dna. Pilar Souto Iglesias.

**5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 4, POLA QUE SE CAMBIA A DENOMINACIÓN DA COMISIÓN DE GOBERNO.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 4/04, pola que se cambia a denominación da Comisión de Goberno por Xunta de Goberno.

**6.- ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2004.**

INTERVENCÍONS

Sr. Rodríguez Rodríguez

A intervención do grupo provincial do Partido Popular está relacionada coa proposta que se formula dende o goberno provincial de actualización das tarifas. Nosoutros observamos que nesta actualización se aplica o principio de aplicar a inflación real de abril de 2002 até abril de 2003, que determina unha aplicación nas ordenanzas que son obxecto deste incremento do 3,1%, independentemente de que nalgunha ordenanza en concreto, e non sabemos a razón, porque fronte a esta declaración xeral, en concreto na ordenanza fiscal nº 2 aplícase un incremento do 6,25% porque se pasa a 8,50 euros e a 17 euros en vez de aos incrementos que correspondería aplicando o 3,1% que sería 8,25 e 16,50. E tamén

noutro punto concreto, na ordenanza fiscal nº 3, no punto 4.4 prodúcese un incremento do 6,88%.

Ademais destas dúas consideracións, nosoutros entendemos que o que debería de aplicar é o incremento que en xeral se establece nos orzamentos xerais do estado do 2%. Este foi o criterio que a deputación utilizou o último ano, nas ordenanzas de 2003, en que o incremento que aplicou a deputación, de acordo coa resolución correspondente ao acordo plenario foi do 2%. Nosoutros entendemos que o incremento que cabería aplicar neste caso é o mesmo, é dicir, o que se fixa nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2004, que é o 2%, e que expresa que, independentemente da inflación real que se poida ter producido en cómputo, o criterio que se debe de seguir é correxir a alza da inflación e evitar que isto repercuta sobre un redimensionamento da inflación xeral.

Dado que na deputación no exercicio 2003 se aplicou o criterio do 2%, nosoutros entendemos que debía aplicarse o mesmo criterio. En caso contrario, nosoutros manifestamos a nosa posición negativa á aprobación destes incrementos.

#### Sr. Lagares Pérez

Imos debater neste punto as ordenanzas fiscais correspondentes ao ano 2004. Non podemos dicir en tempo e forma, porque o tempo non é o momento de debater estas ordenanzas, xa que por motivos de todos coñecidos foi retrasado pola constitución da deputación; pero si en forma. Eu pensaba que o Partido Popular ía ter unha intervención e que non nos ía falar do 3,1%, que nos ía falar do IAE, o imposto de actividades económicas, pensaba que a súa achega sería para dicirmos cales son as consecuencias que ten para a Deputación provincial e os concellos da provincia a non achega e a non compensación, en tempo nin en forma, do imposto de actividades económicas. E refírome a isto por unha razón moi simple: porque o IAE, que grava o imposto provincial co 25%, forma parte da ordenanza fiscal nº 6, e por parte do equipo de goberno queremos facer unha crítica profunda, neste caso ao goberno central, logo referireime ás indicacións que fai o Sr. Rodríguez en nome do Partido Popular, unha crítica profunda polo desprezo que se está tendo coas institucións locais, non só na aplicación do IAE, senón polo desastre que se fai nos ingresos -e verémolo no debate orzamentario-, nos ingresos por transferencias, por ingresos de tributos do estado.

Respecto ao IAE, non cumpriu o goberno de España coa liquidación do exercicio 2003, e no ano 2004 aínda non sabemos neste intre o que vai ocorrer. Por iso me estraña que o Partido Popular nos veña a criticar exclusivamente o incremento do 3,1%.

Quérolle dicir ao Sr. Rodríguez, e ás señoras e señores deputados, que o Partido Popular cando tiña as responsabilidades de goberno fixeron, agás no último ano, esta



aplicación concretamente: no ano 2001, o 3%, que era o IPC interanual; no ano 2002, o 4%; e claro, no ano 2003, o 2%. Por algún motivo sería, porque había unha data que era o 25 de maio, e entón vostedes o que trataban era dicir: ben, imos ir ás rebaixas -que non adoitan ser no mes de maio-, a ver se aquí pillamos algo. Non se trata diso, a intervención do grupo socialista neste pleno foi favorábel, foi favorábel ás ordenanzas; como no 2001 e no 2002.

E agora o equipo de goberno entende que indubidabelmente se debe de ter en consecuencia a aplicación do IPC interanual, como se vén facendo noutras institucións, non só na Deputación provincial. Pode o Partido Popular argumentar o que queira pero os argumentos serán frouxos e banais. Pode argumentar e dicir que si, que outros anos, en concreto o ano pasado, outras veces, nalgunhas circunstancias..., o que tampouco nos vai negar o Partido Popular nin argumentar, é que se o seu goberno planifica mal o imposto de prezos do consumo, sistematicamente, e así temos os exemplos de todos os exercicios dos últimos oito anos, e agora que nos veñan dicir que queren aplicar nas taxas e nos prezos públicos que se someten á consideración a taxa de inflación prevista do 2%.

Quero dicirles que indubidabelmente existen outras razóns ás que me vou referir, con respecto ao que son as taxas e os prezos públicos. As ordenanzas fiscais que regulan a deputación regulan non só as taxas, senón, como dixeran o imposto de actividades económicas, que insisto en que é unha débeda pendente con todas as Administracións locais, insisto, que o imposto de actividades económicas vimos demandando dende esta tribuna, sistematicamente, que era unha trampa camuflada que se lle fai ás institucións locais, cun afán electoralista e cun afán propio dos estilos do Partido Popular.

Pero, indubidabelmente, se nosoutros facemos unha revisión seria e profunda veremos que nas institucións a Lei de facendas locais, a inicial e logo a derogada, os artigos derogados, as disposicións modificadas, vemos claramente que o que pretende é chegar a lograr un equilibrio, un equilibrio que nosoutros diremos que é un pouco utópico, a taxa ou o servizo, debe de estar equilibrado o ingreso co custo do servizo. Isto sabemos todos que non se vai producir, pero non podemos deixar seguir abrindo o abano, temos que ser rigorosos, e se os proxectos de determinadas Administracións, como a Administración central, o Goberno de España, que estivo nas mans do Partido Popular nos últimos oito anos, fixo un desastre seguido cos incrementos do IPC porque se equivocaron constantemente, pois mirens vos, eses son problemas seus; agora, que sexa un argumento o incremento do 3,1% interanual para votar en contra as ordenanzas fiscais, dígolles que nos parece, dende logo, ao equipo de goberno parécenos que non é coherente.

E xa simplemente direi, e entrando un pouquiño, sen entenderse moito, no tocante ás modificacións que sofren as ordenanzas, que son meramente técnicas, que teñen os informes favorábeis tanto da Secretaría como da Intervención, direi que se produce unha modificación

na ordenanza xeral, por culpa da adaptación á Lei sobre tráfico de circulación de vehículos e seguridade vial, que se integra nas ordenanzas número 2 e 12; do Boletín Oficial da Provincia nunha soa que se chamará: taxa por servizo de publicacións, subscricións, e venda do Boletín Oficial da Provincia, e á parte que aquí se produce unha novidade, que non é un incremento como se intenta dicir, e á parte do incremento gustaríame que fixeran unha comparación con outros diarios oficiais, como por exemplo o DOG, o Diario Oficial de Galicia, e non se trata dun incremento, como se di, do 6,25%, trátase simplemente de que se incrementan o número de palabras, e de incrementárense o número de palabras pois é un pouquiño máis caro, pero o incremento redondeado é o IPC interanual.

Tamén se modifica o artigo 4 das ordenanzas 3 e 10, así como o artigo 6.1 da ordenanza número 11, isto ten como motivo a aplicación da Lei de familias numerosas, a Lei 40/2003 onde existe unha exención total ou parcial delas.

Polo tanto, unha sorpresa para todos nosoutros, entendo eu, que o Partido Popular nos veña a falar de que o IPC interanual non é o de aplicación, o ano pasado vostedes aplicaron con fins, entendemos, meramente electoralistas, o 2%, pero é a primeira vez que se produciu nesta institución. Polo tanto, leamos ben as cousas, e leamos tamén a letra cativa, non leamos soamente os titulares.

Direi por último que eu agardo que o Partido Popular cambie o seu voto, que reflexione despois da miña intervención, e terminar dicindo que as ordenanzas entrarán en vigor consonte cos prazos oficiais de exposición, excepto os colexios e Escola de Danza e Calvo Sotelo, que se fará para o curso 2004-2005. Nun principio, máis nada. Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, a súa intervención parece que claramente é unha intervención pensando nas próximas datas electorais, porén creo que esa intervención con esa finalidade pois quizais non sexa moi afortunada, iso con toda a cordialidade llo digo, e non parece moi afortunada porque vostede insiste nun tema que sabe que é un tema que é ben visto por todo o mundo, como é a supresión do imposto de actividades económicas, que non é o tema de debate aquí. Creo que é unha actuación do goberno do Partido Popular suprimindo o imposto de actividades económicas, por moitos intentos que faga vostede de diminuílo, de mediatizalo, ou de convertelo nun acto negativo, é visto positivamente pola inmensa maioría dos autónomos e de todas as persoas que estaban sometidas a este imposto. Iso é un logro do goberno do Partido Popular, e teña vostede a seguranza, e así o veremos a pesar de que sempre foron moi agoireiros e negativos neste tema, dende o principio, dende que se anunciou a supresión, sempre vostedes puxeron obxeccións a esta supresión, de que a deputación e os concellos recibirán toda a compensación á que teñen dereito, e recibirana

adecuadamente. Polo tanto, discutíremolo cando se faga a liquidación correspondente e vexamos que efectivamente os concellos non sofren diminución nos seus ingresos e que a deputación tampouco, e que o que conseguiremos é que os cidadáns deixen de pagar un imposto que era regresivo, ía en contra da creación de emprego, e socialmente foi ben recibida por todo o mundo.

Pero o que estamos discutindo é o incremento das taxas, e eu quero dicirle ante as súas declaracións de que se non é coherente, que vostede mesmo, no debate do ano anterior ao 2003, de 2002, manifestaba vostede, e está aquí a acta, de que debía ser o 2%, vostede dicía que debía ser o 2%, que era a inflación que estaba prevista polo goberno, está aquí, vostede di: "...Nosoutros entón dicíamos que era necesario seguir as directrices do propio goberno central, que curiosamente o fan este ano, que é o 2%". Ben, vostede dicía iso, e nosoutros facemos o mesmo que vostede dicía, a incoherencia é súa, non nosa. Se nosoutros cambiamos de criterio no ano 2003, e no ano 2003 aplicamos o 2% seguindo, entre outros argumentos, o que vostede dicía nos orzamentos do ano 2002, somos coherentes cando dicimos que no ano 2004 se siga aplicando a mesma inflación do 2%. Iso é coherencia. E non hai aí ningunha incoherencia, nin ningunha actuación electoralista, nin estamos buscando nada, senón simplemente mantemos un criterio que vostedes defendían no ano 2002; no ano 2003 fixémoslle caso, somos xente sensata, a pesar de que vostede naquel momento representaba a oposición fixemos caso do que vostedes dicían, e no ano 2004 mantemos a mesma tese. O que cambiou é vostede, non nosoutros. Vostede agora cambia, e cambia de criterio, moi ben, é o seu dereito, pero non nos tache a nosoutros de incoherentes, por favor.

No tocante aos incrementos desas ordenanzas puntuais que eu sinalaba, non é o incremento por número de follas, é simplemente que sae un incremento do 6,88% ou do 8 e pico por cento. Eu creo que iso se podería corrixir porque son incrementos que non teñen nada que ver do 3,1%.

Polo tanto, nosoutros agardamos que despois desta intervención miña cambie vostede o seu criterio, e efectivamente acepte o 2%, que é o que nosoutros formulamos e que vostede defendía no ano 2002, cando debateron os orzamentos para ese ano.

Moitas grazas.

Sr. presidente

Sr. Lagares, rógolle brevidade, estamos discutindo o tema das ordenanzas fiscais, porque senón, vou ter que dicir que o Sr. Erias e o Sr. Doval teñen dous dignos sucesores nesta cámara.

Sr. Lagares Pérez

Simplemente matizar algunha das intervencións do meu interlocutor neste tema. Ben, o que me sorprende é que me diga que non hai que falar do IAE neste tema, oia, lémbrolle a vostede que o IAE é a ordenanza fiscal nº 6 que imos someter a votación aquí nesta cámara, lémbrolle que é un elemento dos que temos autonomía financeira nesta deputación, que son moi poucos, porque sabemos todos que esta institución é unha institución con dependencia orzamentaria. E dígolle que non cumpriu o Partido Popular as premisas que marcou, sabémolo perfectamente, os concellos, e sábeo perfectamente a deputación, pero tan perfectamente que aínda neste instante non sabemos exactamente o que se vai cumprir. Eu agardo que vostede vaticine ben, de momento no ano 2003 fíxose un ingreso a conta, aproveitando que habería asemblea da FEMP en Madrid, para evitar que todos os concellos en Madrid estiveran caladiños e direi: moi ben, esta Administración central, mirade que boa que xa nos entrega o seu adianto. Non estamos dicindo que a supresión do IAE, a supresión do imposto sexa ou non sexa boa; estamos discutindo a compensación do imposto, que é un tema de gran transcendencia económica para os ingresos dos concellos e moi en concreto desta institución provincial.

E sobre a miña intervención, lea a letra pequena, Sr. Rodríguez, lea todo o discurso, non se quede no que lle interesa a vostede sacar, lea a letra pequena e tamén boten ben as contas, que normalmente vexo que non botan ben as contas. Eu non sei se é polo cambio de goberno a oposición, pero recoméndolle estas dúas cousas: ler a letra miúda e botar ben as contas.

Entende o equipo de goberno que consideramos adecuado subir estas taxas e prezos públicos nas ordenanzas fiscais, mantense, agora ben o imposto de actividades económicas no 25%, por certo quero recordarlle que nalgún momento se baixou por dúas iniciativas dos grupos da oposición, que curiosamente hoxe estamos no goberno.

E fundamentalmente, vostedes só nos din que subimos o 3,1%, e nosoutros dicimos que nos parece a solución adecuada; vostedes din que non; negan a realidade do imposto de actividades económicas, que agardamos que no ano 2004 se perciba integramente o que se nos debe do ano 2003, e tamén pediríamos outras cousas que nos reservamos para o debate orzamentario.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sen ánimo de emular ao meu querido amigo e antecesor, o Sr. Erias, simplemente direi que cando lin, lin literalmente o que o Sr. Lagares dixera no pleno.

Moitas gracias.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 15 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia emitida para dar cumprimento ao disposto no art. 218.4 do Regulamento de facendas locais.
- Proposta da Sección de Recursos Propios.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 da Lei reguladora de facendas locais.
- Estudos económico-financeiros da avaliación de custos (art. 25 da Lei 39/1988 e art. 20 da Lei 8/1989).
- Informes preceptivos da Secretaría e Intervención Provinciais.

1º.- Aprobar a integración da *Ordenanza fiscal nº 2* reguladora da taxa por servizo de publicacións no Boletín Oficial da Provincia e a *Ordenanza fiscal nº 12* reguladora da taxa por subscrición e venda do BOP nunha nova *Ordenanza fiscal nº 2* reguladora da taxa por servizo de publicacións, subscrición e venda do Boletín Oficial da Provincia, en consecuencia, aprobar a modificación da *Ordenanza fiscal nº 2* coa nova denominación *Ordenanza Fiscal nº 2* reguladora da taxa por servizo de publicacións, subscrición e venda do Boletín oficial da provincia coa súa redacción íntegra e a derogación da *Ordenanza fiscal nº 12* reguladora da taxa por subscrición e venda do B.O.P.

2º.- Aprobar as modificacións da *Ordenanza fiscal xeral* (art. 58.5), *Ordenanza Fiscal nº 3* reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (art.4 e 6), *Ordenanza fiscal nº 4* reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 10* reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza (art. 4 e art. 6) e *Ordenanza fiscal nº 11* reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 13* reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva (art. 4) e *Ordenanza fiscal nº 14* reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán (art. 4).

3º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ó público publicaríanse no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 da Lei 39/88 do 28 de decembro.

4.-Publicar integramente, unha vez aprobadas definitivamente, as modificacións da Ordenanza fiscal xeral, Ordenanzas fiscais núms 3, 4, 10, 11, 12 e Ordenanzas reguladoras do prezo público núms. 13 e 14. Publicar a modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal nº 2. (ANEXO 1)

5º.- As Ordenanzas comezarán a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra elas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no art. 17.4 da Lei 39/88:

- A Ordenanza fiscal xeral ao día seguinte da publicación desta modificación no Boletín Oficial da Provincia.

- As Ordenanzas fiscais núms. 3 e 4, e as Ordenanzas reguladoras do prezo público núms. 13 e 14 o día primeiro do mes seguinte á publicación das súas modificacións no Boletín Oficial da Provincia.

- A Ordenanza fiscal nº 10 para o curso escolar 2004/2005.

- A Ordenanza fiscal nº 11 para o curso escolar 2004/005 no colexio Calvo Sotelo e o día primeiro do mes seguinte á publicación das súas modificacións no Boletín Oficial da Provincia nos Fogares infantís e xuvenís.

- A Ordenanza fiscal nº 2 o un de xullo de 2004.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das Ordenanzas así como a data a partir da que rexerán estas, despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo se establece no art. 17.4 de la Lei 39/88."

## **7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO REGULADOR DAS PRESTACIÓNS DE SERVIZOS DA COMUNIDADE “*FILLAS DA CARIDADE DE SAN VICENTE DE PAUL*” NO FOGAR INFANTIL “*EMILIO ROMAY*”.**

### INTERVENCIONES

Sr. López Crespo

Anuncio o voto afirmativo neste punto. Unha intervención curta para agradecer e recoñecer publicamente a alta achega e o traballo realizado polas Fillas de San Vicente de Paul e lembrarlle ou pedirlle ao equipo de goberno que xa que este centro se encontra inmerso nunha modificación da normativa por parte da Consellería de Familia no que respecta a centros de atención a menores, pois se se pode contemplar no orzamento para que se cambien as prazas vacantes que existen agora de persoal celador a persoal educador. Máis nada ca isto.

Sra. Vázquez Veras

Para lle agradecer ao grupo popular o cambio no senso de voto que deu na comisión, de abstención, que penso que nos deixou a todos os presentes bastante abraiados por esa abstención, e eu penso que o recoñecemento ó labor que esta comunidade relixiosa está facendo no centro asistencial vén precisamente nas modificacións que se fan no convenio que se aproba neste pleno, e en todo caso, eu penso que dentro do equipo de goberno hai a intención de acelerar o proceso de homologación do centro asistencial do fogar Emilio Romay á normativa da Xunta de Galicia, e digo acelerar porque o anterior equipo de goberno tívoo en conxelación total e absoluta durante os dous anos que puido facer moitas máis cousas, que eu agardo que este goberno as faga de inmediato.

Moitas gracias.

Sr. López Crespo

Só para dicir que non é que o grupo popular cambiara o voto da Comisión Informativa, a falta de práctica no papel de oposición que ten o grupo popular nesta institución levounos a confundir a abstención con reserva de voto para o pleno.

### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a modificación das cláusulas do convenio de 1987 que se mantén coa comunidade “Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl” que presta servizos no fogar infantil “Emilio Romay”, da Coruña, e coa redacción que se contén no informe do Servizo de Fomento do 17 de decembro de 2003, procedendo a facultar á Presidencia en todo o necesario para a sinatura do texto do acordo correspondente.

De conformidade co informe da Intervención que figura no expediente a modificación queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para

financia-las obrigacións derivadas da citada modificación, na aplicación 0704/313B/227.21, no exercicio orzamentario de 2004.”

**8.- CONVENIO CON ENTIDADES LOCAIS EN APLICACIÓN DO ARTIGO 38.4 B) DA LEI 30/1992, DE RÉXIME XURÍDICO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (PORTELO ÚNICO).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-lo convenio tipo entre a Deputación da Coruña e os concellos que voluntariamente acorden subscribilo en aplicación do artigo 38.4b) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (portelo único) sendo o seu texto o seguinte :

"CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ....., EN APLICACIÓN DO ARTIGO 38.4 b) DA LEI 30/1992, DE RÉXIME XURÍDICO DAS ADMINSTRACIÓNS PÚBLICAS E DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN.

A Coruña, ...de .....de 200..

REUNIDOS

Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da dita Deputación, asistido polo secretario xeral, Don José Luis Almau Supervía, e

Don

Actúan no exercicio das competencias que respectivamente teñen atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

As partes recoñécense mutuamente na calidade na que cada un intervén, así como a capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio, é para o efecto

EXPOÑEN



O artigo 38.4 b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos ós órganos das Administracións públicas poderán presentarse nos Rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración Xeral do Estado, á de calquera Administración das Comunidades Autónomas, ou á dalgunha das entidades que integran a Administración Local se, neste último caso, se subscribira o oportuno convenio.

A mencionada regulación supón un evidente avance na liña de facilitar as relacións dos cidadáns coa pluralidade de Administracións públicas que coexisten no noso país e un importante instrumento da necesaria cooperación entre aquelas.

O convenio que se subscribe hoxe leva a efecto a vontade das Administracións intervinientes de posibilitar que os cidadáns poidan presentar os documentos que dirixen a calquera órgano da Deputación Provincial da Coruña nos rexistros do Concello de ....

Polo exposto, as Administracións intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do convenio é permitir-lles ós cidadáns que presenten nos Rexistros do Concello de ..... solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Deputación Provincial da Coruña e ás entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes daquela.

Segunda.- A data de entrada nos rexistros do Concello de ..... das solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Deputación Provincial da Coruña e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquela será válida para os efectos de cumprimento de prazos polos interesados.

Terceira.- O Concello de ..... comprométese a:

a) Admitir nos seus rexistros calquera solicitude, escrito ou comunicación dirixidos ós órganos da Deputación ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquela, con independencia da súa localización territorial.

b) Cando o procedemento requira a achega de copia compulsada, a facer o cotexo, comprobando a identidade de contidos do orixinal e a súa copia, unir ó escrito a copia dilixenciada cun selo de compulsada que expresará a data na que se practica, así como a persoa que expide a copia compulsada.

c) Deixar constancia nos seus rexistros da entrada das solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Deputación, con indicación nos seus asentos do número, epígrafe expresivo da súa natureza, data de entrada, a data e hora da súa presentación, interesado ou órgano administrativo remitente, persoa ou órgano administrativo ó que se lle dirixe, así como unha referencia ó contido do escrito ou comunicación que se rexistra.

d) Remitir inmediatamente os documentos, unha vez rexistrados, e en todo caso dentro dos tres días seguintes a súa recepción, directamente aos órganos ou entidades destinatarios deles. A dita remisión efectuarase polos medios máis apropiados para que a súa recepción se produza o máis axiña posible, con especial utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos supostos no que sexa posible e se cumpran os requisitos e garantías esixidos pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarta.- A Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

a) Proporcionarlle ó Concello de ..... información sobre os órganos e entidades que integran ou están vinculados ou dependentes da Deputación, así como a actualizala periódicamente.

b) Facilitarlle ó Concello de ..... instrumentos de información ó cidadán sobre as funcións e actividades da Deputación e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquela.

c) Prestar asistencia técnica e colaboración sobre organización en información dos rexistros.

Quinta.- As Administracións intervinientes comprométese a comunicarse mutuamente calquera medida de informatización dos rexistros que poida afectar á compatibilidade dos sistemas de intercomunicación e a negociar e formalizar no seu momento o correspondente convenio de colaboración que garanta a compatibilidade informática e a coordinación dos seus respectivos rexistros.

Sexta.- O prazo de vixencia do presente convenio é de catro anos contados dende o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, prazo que poderá ser prorrogado de maneira expresa por ámbalas dúas partes por igual período, salvo denuncia expresa dalgunha das Administracións intervinientes realizada cunha antelación mínima de tres meses á data de extinción.

Tamén poderá extinguirse a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervinientes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Tanto a formalización do convenio como calquera dos supostos da súa extinción será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de .....

Sétima.- As dúbidas e controversias que poidan xurdir na interpretación e aplicación deste convenio resolveraaas con carácter executivo o presidente da Deputación.

En todo caso, as ditas resolucións serán recorribles perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O presidente da Deputación

O alcalde do Concello de ....."

## **9.- PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004, 1ª FASE: RELACIÓN DE OBRAS QUE SE VAN INCLUIR.**

### INTERVENCIONS

Sr. López Crespo

Imos votar afirmativamente. Só direi que nos últimos catro anos subimos cada ano o Plan de conservación de estradas provinciais, e non se subiu no último ano porque había un considerábel investimento en novas obras, cun investimento de 5.000 millóns de pesetas, o que efectivamente se ve con claridade que as estradas novas non teñen conservación, por iso non se fixo no último ano pero nos tres primeiros anos, cada ano se foi incrementando esa cantidade. Repito, o voto vai ser afirmativo.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-la relación das obras que se han incluír no Plan de conservación de vías provinciais 2004, 1ª fase, que se relaciona no anexo, cun presuposto estimado de 3.866.170 euros, cuxos proxectos se encontran en fase de redacción para a súa ulterior aprobación polo Pleno no seu caso.

## Resumo Plan de conservación 2004 por estradas 1ª Fase

GRUPO CODIGO	NOME	REDE	PCCRA
11	C0101	ARDEXURXO Á CRUZ DE VEIRA	3 966,28
11	C0103	REXIDOIRA PRAIA DE BALDAIO (TRAMO CARRAL)	1 1.071,02
11	C0105	CORTIÑÁN A VILACOBA	1 93.587,12
11	C0106	AMEAS A OZA DOS RÍOS	1 30.500,32
26	C0205	BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA	1 34.374,11
26	C0206	MILLADOIRO A VIDUIDO DE ABAIXO	3 13.287,01
6	C0401	ARES A REDES	1 51.836,84
6	C0402	ARES A CHANTEIRO	2 8.394,13
6	C0403	CERVAS AO BAÑO	3 19.797,81
16	C0501	ACCESO Á IGREXA DE PASTORIZA	3 88,90
16	C0503	BORDEIRAS AO PTO DE SUEVOS	1 7.917,06
16	C0504	RAÑA A PRAIA DE SABÓN	3 1.347,12
16	C0505	CHAMÍN DO MEDIO A SANTAIA	3 386,51
16	C0506	PERTEGAZANA ESTRA. DE LAÑAS AO ANIDE AO CAMPO 2	3.908,46
16	C0507	LAÑAS AOS CAMPOS DO ANIDE	2 6.584,51
16	C0508	BARREIRA Á IGREXA DE LOUREDA	3 579,77
29	C0509	REDE VIARIA POLÍGONO DE SABÓN	1 109.152,7
16	C0510	CONFURCO A UXES E RAMAL A ORRO	2 4.820,77
16	C0511	LEDOÑO A ARTEIXO	1 20.785,26
16	C0512	O BIRLOQUE A ARTEIXO	1 10.364,04
16	C0513	DE PTE MUIÑOS A CAIÓN POR PAIOSACO	2 17.365,05
31	C0701	SANTIAGO A SANTA COMBA	4 13.842,65
11	C0801	FRAGA A CASAL DE BABÍO POR S.VICTORIO	2 6.637,93
11	C0802	CARRIO A CASAL DE BABÍO	3 531,45
11	C0803	RIOMAIOR A OBRA DO PAÑO	2 3.695,40
11	C0804	DE MIODELO AO PEDRIDO POLO PAZO DE MARIÑÁN 2	1.406,90
11	C0805	ESTRADA Á MARIÑAN	2 8.319,67
11	C0806	Á CRUZ DO SAR POLO ALBERGUE U.DE BERGONDO	3 13.617,85
11	C0807	TATÍN A S.ISIDRO POR MORUXO	3 4.600,39
11	C0808	LONGUEIRA A BERGONDIÑO	2 894,36
11	C0810	GUILIADE A GUÍSAMO	1 12.583,31
11	C0811	E.SANTO Á LONGUEIRA NA ESTRA. DE PONTE DO PORCO A MUR 2	2.975,20
9	C0812	SADA AO ESPÍRITU SANTO	2 60.151,50
9	C0813	SADA AO ARMUÑO	2 28.985,23
11	C0902	ACCESO AO CEMITERIO DE BETANZOS	3 208,08
11	C0903	VISTA ALEGRE A CASTRO	3 3.206,59
11	C0904	ROIBEIRA A MARULO	3 10.169,13
32	C0905	BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO	4 17.179,35
8	C0906	CAMPOLONGO A BETANZOS	1 19.419,83
27	C1101	DE TRIÑANES Á ESTRA. DE BOIRO A S.FRANCISCO	2 8.209,87
27	C1102	CESPÓN A VIDRES	2 1.755,87
26	C1202	TROBE A MESÓN DE MAREQUE POR VEDRA	1 2.956,82
25	C1301	GÁNDARA Á AMAÑECIDA	2 26.012,59
25	C1302	NEGREIRA A URDILDE	1 4.034,96
7	C1501	ACCESO Á PRAIA DE CABANAS	3 2.230,23
7	C1502	PORTO A LARAXE	3 888,98

33	C1503	PERLÍO A LAVANDEIRA	1	82.609,96
19	C1601	PTE DO PORTO A CAMELLE	1	12.169,51
19	C1602	PTE DO PTO A CAMELLE A AROU	2	9.015,03
	<b>GRUPO CODIGO</b>	<b>NOME</b>	<b>REDE</b>	<b>PCCRA</b>
19	C1603	PTE DO PTO A QUINTÁNS	1	18.366,68
10	C1701	A ROCHA A ANCEIS	3	8.543,30
10	C1702	CAMBRE Á ROCHA	1	541,12
10	C1703	ESPIRÍTU SANTO A FRAIS	3	49.202,83
10	C1704	CAMBRE A CARRAL	1	62.648,54
16	C1705	TARRÍO AO GAITEIRO	3	386,51
10	C1706	TEMPLE A CAMBRE	1	21.891,06
10	C1707	OLEIROS A PRAVIO	1	59.343,96
10	C1708	CASTELO A ANDEIRO E RAMAL A S.BENITO	1	18.455,12
2	C1802	VEIGA DE CABANA A PONTES DE G.R.	2	36.258,94
17	C1901	CARBALLO A SÍSAMO	2	16.004,77
17	C1902	CARBALLO A RAZO	1	8.662,77
17	C1903	VERDILLO A VILARDEFrancos	3	5.968,89
17	C1905	CARBALLO Á FEIRA DE VERDILLO	4	6.556,13
17	C1907	SOFÁN Á PIÑA	2	240,08
17	C1913	PONTE REXIDOIRA A PRAIA DE BALDA IO (PICOTA-LARACHA)	1	62.592,07
34	C1914	CARBALLO A PORTOMOIRO	4	25.150,89
10	C2101	KM 23.7 CORUÑA-SANTIAGO ÁS TRAVESAS	4	5.051,85
17	C2102	PONTE LAGO A SOUTO	3	3.381,36
10	C2103	DA ESTR. CASTELO-ANDEIRO A SERGUDE	3	7.597,87
17	C2104	CARRAL A MEIRAMA	2	48.154,58
17	C2105	CARRAL A CASTELO	1	9.826,12
17	C2401	ACCESO Á ESTACIÓN DE QUEIXAS LEDOÑO	3	193,26
17	C2402	ACCESO Á ESTACIÓN DE CERCEDA	3	1.951,39
17	C2403	CERCEDA A XESTEDA	1	7.582,30
17	C2404	A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR	1	117.615,8
17	C2405	CERCEDA A MESÓN DO VENTO	1	24.796,80
17	C2406	ACCESO Á EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA DE LENDOÑO	3	3.304,68
16	C3003	S.PEDRO DE VISMA A MAZAIDO	3	1.291,83
16	C3004	CABANAS Á ESTR. DO BIRLOQUE A ARTEIXO	3	386,51
16	C3005	ELVIÑA AO CASTRO	3	13.808,36
16	C3006	ACCESO Á ZAPATEIRA	2	13.881,85
16	C3101	ACCESO Á ESTACIÓN DE BREGUA	3	1.811,29
16	C3102	RUMBO A LEDOÑO	1	2.746,10
16	C3104	VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO	3	1.311,59
16	C3105	A RÍA DO BURGO AO PORTAZGO POR FONTECULLER	3	77,30
16	C3107	ACEA DE AMA A VILABOA	3	36.746,25
16	C3108	ACCESO A ALMEIRAS	3	27.136,94
16	C3109	VILABOA A PEIRO POR TARRÍO	1	8.399,04
27	C3301	RIANXO A BEXO POR ISORNA	1	11.394,76
25	C3302	ESCRAVITUDE A S.XULIÁN DE LAÍÑO	1	23.399,44
6	C3501	LIMODRE A PENALONGA	1	8.855,71
6	C3502	ACCESO Á ESTACIÓN DE FRANZA	3	903,80
6	C3503	DE MANIÑOS A PONTE REGO POR S.MARCOS	1	19.449,48
6	C3504	PEDREIRA A MANIÑOS	1	7.683,58
4	C3601	ACCESO Á ERMIDA DE NRA. SRA. DE CHAMORRO	3	478,64
4	C3602	MENANCARA A MANDÍA	2	1.159,54

GRUPO	CODIGO	NOME	REDE	PCCRA
37	C3603	FERROL A COBAS		1 8.029,18
4	C3604	S.XOAN DE FILGUEIRA A CATABOIS		3 493,47
4	C3606	COBAS A SAN XURXO		1 1.546,05
4	C3607	BALÓN A SAN XURXO		1 8.861,81
4	C3608	FEIRA DO 2 EN SERANTES A DONIÑOS		1 5.123,58
4	C3609	CORRALES Á MALATA		3 710,55
4	C3610	SERANTELLOS A VILASANCHE		3 65.465,11
4	C3611	Km6 DA ESTR. FERROL A COBAS A ESMELLE		2 3.549,67
4	C3612	ANEIROS Á CABANA		1 4.983,80
4	C3613	A CABANA Á CAPELA DE S.ANTÓN		3 386,51
4	C3614	GÁNDARA AO K.3 DA ESTR. FERROL-CEDEIRA		4 7.915,49
4	C3615	ACCESO AO SANATORIO PSIQUIÁTRICO DE FERROL		3 4.109,09
8	C3901	IRIXOA Á VIÑA		3 4.388,95
8	C3902	DA ESTR. BETANZOS-LÍMITE A CERNADAS POLA VIÑA E XESTAL		2 14.059,73
8	C3903	TARREO DO BLANCO A VILAMATEO POR AMBROA		2 20.596,64
19	C4001	BAIO A LAXE		1 7.369,96
17	C4101	ACCESO A ZANFOGA		3 7.178,08
2	C4401	DA ESTR. ORTIGUEIRA A PTES AO BARQUEIRO		1 9.744,24
23	C4502	BRAÑA DO COTRO A CHACÍN		1 34.781,69
7	C4801	PONTE BAXOI A BAÑOBRE		3 1.575,70
7	C4802	PERBES A CAMPOLONGO		1 5.400,94
7	C4803	MIÑO A PONTEDEUME POR PERBES		1 45.120,86
8	C4804	PONTE DO PORCO A VILAMATEO		2 13.645,92
8	C5001	DE CARBALLIÑO A CURRA POLO ALTO DO XESTOSO		2 35.014,87
8	C5002	PILADELEÑA A LAGARES		2 19.908,18
8	C5003	ACCESO MOSTEIRO DE MONFERO		2 3.603,87
8	C5004	DE CASAL DE ARRIBA Á FERIA DO TRES		1 27.063,61
8	C5005	LOUREIROS A TABOADA		2 16.138,20
19	C5201	MUXÍA A TOURIÑÁN POLA COSTA		2 47.233,19
19	C5202	MUXÍA Á ERMIDA DE NOSA SEÑORA DA BARCA		3 2.345,56
23	C5301	PONTE DE ESTEIRO Á SILVOSA		2 12.305,55
23	C5302	ACCESO Á IGREXA DE LOURO		3 859,40
23	C5303	MUROS A LOURO		3 37.354,77
23	C5304	DE ABELLEIRA ÁS PAXAREIRAS POR TOREA		2 23.812,51
23	C5305	ESTEIRO A LESTELLE		2 39.372,85
4	C5401	NARÓN AO VAL POR CASTRO		1 7.877,22
4	C5402	ALTO DO CASTAÑO Á FAÍSCA		3 3.891,24
6	C5502	ACCESO Á FEIRA DE ALBARÓN		3 2.537,34
6	C5503	A MOURELA AO ROXAL		1 11.282,42
23	C5604	OUTES A PEREIRA POR PESADOIRA		1 21.965,09
9	C5801	ACCESO A MAIANCA		3 3.933,52
9	C5802	ACCESO AO PTO DE LORBÉ		3 3.167,76
9	C5803	PASAXE A PERILLO		3 22.705,80
9	C5806	PROLONGACIÓN CARA Ó MAR DA LC-190 EN CORUXO DE ARRIBA		3 2.994,29
9	C5807	A BARREIRA Á PEZOCA		3 36.617,68
9	C5809	DA ESTR. OLEIROS-SADA Á DE POUSADA-EDREIRA POR P.MIRAF		3 1.932,56

GRUPO	CODIGO	NOME	REDE	PCCRA
9	C5810	CORUXO DE ARRIBA A MONTROVE	2	9.947,99
9	C5811	OLEIROS A CORUXO DE ARRIBA	2	76.265,32
9	C5812	MEIRAS AO PORTO DE SANTA CRUZ	2	41.861,21
9	C5814	MANDÍN A IÑÁS	3	6.321,00
9	C5815	MERA A VEIGUE	2	21.839,65
22	C5901	ACCESO Á ESTACIÓN DE ORDES PONTRAGA	3	77,30
22	C5902	DA ESTR. ORDES-A SILVA A TORDOIA POR GORGULLOS	1	87.657,19
22	C5903	ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA	1	69.378,63
1B	C6115	A CERCA Á PRAIA DE FIGUEROA	3	13.495,81
1B	C6116	DA ESTR. A CERCA-FRAIA DE FIGUEROA Á PRAIA DE FORNOS	3	536,62
1B	C6117	DA ESTR. MERA CARIÑO AO EMBARCADOIRO DE SISMUNDI	3	285,38
1B	C6118	FEÁS A SEIXO POR LANDOI	3	32.769,16
1B	C6119	LANDOI A Km5 DA ESTR. MERA CARIÑO	2	5.402,17
1B	C6120	SERANTES A PRAIA DE FORNELOS	3	7.216,58
39	C6121	MERA A CARIÑO	4	8.719,99
1B	C6122	PTE MERA AO Km.46 DA ESTR. ORTIGUEIRA FERROL 2	2	29.799,77
23	C6201	OUTES A ENTINES	3	2.130,98
23	C6202	OUTES A VALADARES	1	39.371,15
23	C6203	CRUCEIRO DE ROO AO EMBARCADOIRO DA BARQUIÑA	2	7.719,20
23	C6204	RIBEIRA A ARESTIÑO E PROLONGACIÓN A VALADARES	2	32.944,63
11	C6401	COSTA A LOIBO	3	3.753,36
8	C6402	ACCESO A SAN PANTALEÓN	3	1.189,55
8	C6403	ACCESO Á PONTE DO PEDRIDO E RAMAL AO EMBARCADOIRO	3	1.812,77
25	C6501	BARCO A PIÑEIRO	3	574,25
26	C6502	PAZOS A LUOU POR LAMPAI	2	13.869,53
26	C6503	ACCESO Á PONTE SINDE BARCALA	3	18.705,91
28	C6701	LOMBA A SAN ISIDRO DE POSTMARCOS	2	6.671,75
28	C6702	COLODEARCA A ALDEAVELLA	3	31.371,27
28	C6704	ALTO DO VILAR Á CRUZ DE MOLDES	2	3.758,83
28	C6705	ACCESO MIRADOR DA CUROTA	2	4.831,40
28	C6707	RAMAL DE E.P.6701 A CASAS E PUMARIÑO	2	2.493,00
7	C6901	CAMPOLONGO A BREAMO	2	1.120,88
7	C6902	PONTEDEUME A PEDRA DE AUGA	2	10.104,58
2	C7001	AS PONTES DE G.R. A MOMÁN	1	10.804,34
2	C7002	DA ESTR. AS PONTES-MOMÁN AO MANANCIAL DAS BOULIQUEIRA	3	2.286,96
2	C7003	DE MEDOÑAS A PTE SOUTO EN APARRAL	1	10.616,71
2	C7004	AS PONTES A SAN MAMEDE	2	932,64
2	C7005	ACCESO A MARRAXÓN DE ABAIXO	3	1.555,35
2	C7006	DA ESTR. ORTIGUEIRA AS PONTES A MARRAXÓN DE ARRIBA 3	3	2.692,29
2	C7007	DA ESTR. ORTIGUEIRA AS PONTES A CERVICOL	3	1.555,35
2	C7008	DA ESTR. ORTIGUEIRA AS PONTES A SAN MAMEDE	3	9.752,17
2	C7009	DA ESTR. ORTIGUEIRA AS PONTES AO FREIXO	2	12.689,87
2	C7010	UCEIRA Á GARITA POR DEVESO	2	128.801,2
28	C7101	ACCESO Á IGREXA DE NEBRA	3	5.393,22
28	C7102	PTO DO SON Á IGREXA DA MAGDALENA	2	30.835,95
28	C7103	DE LARANGA A OLVEIRA POR SERANS	1	22.380,09
27	C7201	RAMPA A RIANXIÑO	3	2.878,74

GRUPO	CODIGO	NOME	REDE	PCCRA
27	C7202	RIANXO A BURES POR ASADOS		1 72.966,27
27	C7203	TARAGOÑA A PAZOS		1 1.700,65
28	C7301	CRUCE VILAR A XARAS POR FRIÓNS		2 33.771,38
28	C7302	OUTEIRO A CRUCE DO VILAR		1 2.530,27
28	C7303	GÁNDARA DE OLEIROS A BALTEIRO		3 7.314,46
28	C7304	XARAS A OLVEIRA		3 4.522,19
28	C7306	DE AGUIÑO A CARREIRA POLA GRAÑA		2 20.989,18
28	C7307	DE RIBEIRA A AGUIÑO POR CASTIÑEIRAS		7.713,68
28	C7310	SAIÑAS NA ESTR. DO ALTO DO VILAR Á CRUZ DE MOLDES		3 579,77
25	C7401	URDILDE A ANTEQUEIRA		2 55.695,16
25	C7402	MARTELO A AUGASANTAS		3 1.024,26
9	C7501	TARABELO A SAMOEDO		3 6.785,20
9	C7502	OSEDO A CASTRO		3 4.057,20
9	C7503	TARABELO Á IGREXA DE CARNOEDO		3 10.528,93
9	C7504	CASTELO A CARNOEDO		2 59.980,12
9	C7505	SOÑEIRO A OSEDO		3 5.873,34
9	C7506	SADA A PAZOS E RAMAL AO CUARTEL G.CIVIL		3 6.237,48
9	C7507	CASTELO Á ESTR. DE SOÑEIRO A OSEDO		3 2.356,55
9	C7508	CASTELO A MEIRAS		3 6.717,16
9	C7509	CHABURRA A VEIGUE		3 23.116,87
22	C7801	CRUCEIRO DO GALO Á ESTR. SANTIAGO AOS ANXELES		3 31.651,66
22	C7802	ROXOS A REBORIDO		2 1.457,15
22	C7803	SANTIAGO A FIGUEIRAS		1 5.667,92
22	C7804	VAL DO DUBRA A SANTIAGO		1 154.787,1
26	C7805	ACCESO AO HOSPITAL PROVINCIAL		3 33.394,64
22	C7806	RAMPA AO AVIO		3 999,82
26	C8201	CATRO CAMIÑOS A CAMPOS POR OZA		2 12.992,60
26	C8202	AS GALANAS A CACHEIRAS		1 112.793,4
26	C8203	VEDRA Á PTE DE SANTA LUCÍA		1 14.147,47
22	C8401	TABLILLA A AGRO DO MESTRE		1 9.557,49
26	C8901	A GAIOSA Á PTE DE SARANDÓN		2 15.341,08
26	C8902	SARANDÓN AO LUGAR DO SOL		1 3.369,23
19	C9201	ACCESO IGREXA DE CARANTOÑA		3 2.687,68
19	C9202	PTE DO PORTO A CARNES		2 4.767,18
19	C9203	CAXADAS A BAIÑAS		1 25.354,36
<b>Total Plan de conservación</b>				<b>3.866.170,46</b>



## 10.- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DOS BENS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar a rectificación anual do Inventario de Bens da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

2.- Que de conformidade co art. 32 do R.D. 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, remítese o inventario rectificado aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

## 11.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 22701 DE DATA 26/12/2003 RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLA XUBILACIÓN DO INTERVENTOR XERAL DELA, DON JESÚS LOSCOS PUIG.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Ratifica-la Resolución da Presidencia nº 22701 con data do 26/12/2003 relativa á modificación da composición da mesa de Contratación da Deputación Provincial da Coruña pola xubilación do interventor xeral dela, don Jesús Loscos Puig; sendo os integrantes as seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
<u>PRESIDENTE</u>	Deputado provincial <b>D. José Federico Nogueira Fernández</b>	Deputada provincial <b>Dna. Pilar Souto Iglesias</b>
<u>VOGAIS</u>	A) Secretario xeral (con funcións de Asesoramento xurídico) <b>D. José Luis Almau Supervía</b>	Letrado asesor xurídico <b>D. Ramón Valentín López Rey</b>
	B) Viceinterventor xeral e interventor xeral en funcións. <b>D. José Manuel Pardellas Rivera.</b>	B) Interventor adxunto. <b>D. Enrique Calvete Pérez</b>
	C) Xefe do servizo de Patrimonio e Contratación. <b>D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.</b>	Xefe da Sección de Patrimonio e Contratación <b>D. Manuel Pérez Queiro.</b>
<u>SECRETARIO</u>	Oficial maior <b>Dna. María Amparo Taboada Gil</b>	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

		D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.
--	--	--

## **12.- DAR CONTA AO PLENO DOS DEPUTADOS QUE VAN DESEMPEÑAR O SEU CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.**

Dáse conta da seguinte resolución:

De conformidade co disposto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como no Regulamento orgánico da corporación, e en execución do acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 3 de decembro do ano actual; atribuí-la dedicación exclusiva ós seguintes señores deputados, nos termos do tal acordo e con efectos dende o devandito día:

1. D. SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, presidente
2. D. XAIME BELLO COSTA, vicepresidente
3. D. ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ, voceiro do grupo socialista
4. D. CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ, deputado do grupo socialista
5. D. RAMÓN QUINTÁNS VILA, deputado do grupo socialista
6. D. GERMÁN DIZ ARÉN, deputado do grupo socialista
7. D<sup>a</sup> PILAR SOUTO IGLESIAS, deputada do grupo socialista
8. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> SOCORRO CEA VÁZQUEZ, voceira do grupo nacionalista
9. D<sup>a</sup> MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS, deputada do grupo nacionalista
10. D. PABLO VILLAMAR DÍAZ, deputado do grupo nacionalista
11. D<sup>a</sup> RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ, deputada do grupo nacionalista
12. D. EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ, deputado do grupo popular.

## **13.- DESIGNACIÓN DO VOCAL REPRESENTANTE NO CONSELLO DE DIRECCIÓN DE IFECO (INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Designar como vocal representante do Consello da Dirección da Fundación Recinto Feiral da Coruña a D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Corporación.”

## **14.- APROBACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS QUE DETERMINARÁ A CORPORACIÓN PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO DO POSTO**

## **DE INTERVENTOR XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

### INTERVENCIONS

#### Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación con este punto, como xa comentamos na Comisión Informativa correspondente, sinalarei que nos pareceu estraño que, inicialmente, que o goberno provincial lle presentase á comisión a provisión deste posto por réxime de libre designación, que foi retirado ou considerado como unha resolución provisional por falta, naquel momento, de informe da Comisión de Persoal. Cando se volve a reunir de novo a comisión propónse a provisión deste posto en réxime de concurso. Nosoutros sinalabamos na comisión, e reiteramos agora no pleno, que parece unha situación estraña -este termo non encobre máis nada ca este termo-, que sendo o posto de secretario e de tesoureiro de libre designación, se cambiara o criterio con respecto ao interventor e se provexa en forma de concurso. Nosoutros entendemos que os tres postos que teñen unha relevancia singular nesta casa e que son os técnicos máis cualificados, e os técnicos que asumen a dirección dos traballos burocráticos da casa, os tres deberían ter o mesmo sistema de designación. Vemos que na presentación que se nos propón, dous deles son de libre designación, e un deles, o interventor, de concurso.

Non ten nada que ver co baremo, que o baremo nos parece correcto, porque é un baremo para concurso correcto, simplemente non entendemos esta razón de dualidade nun dos tres postos xa que os tres deben de ter a mesma consideración nesta casa, agás que nos gustaría, antes de formular posición de votación, saber se efectivamente existe algún criterio obxectivo que determine esta diferenza de trato nun caso con respecto aos outros.

#### Sr. Diz Arén

En principio non hai ningunha modificación sobre o que xa había, é dicir a relación de postos de traballo prevía que se cubrira a praza por concurso e entón, efectivamente, ao mellor por falta de coordinación houbo unha proposta de que se pasara a libre designación, pero por parte da mesa de negociación e o que tiñamos consensuado era que non se modificara e entón mantense, mantense xa como estaba na anterior lexislatura, que era por concurso. Traemos agora a pleno porque segundo o Real decreto 834/2003 establece que ten que vir na reforma e na relación de postos de traballo os méritos para prover a praza, e iso é o que se trae para aprobar.

Máis nada.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Nosoutros sentimos non entender esa diferenza, estamos sinalando que se nos conteste á pregunta de por que razón, razón obxectiva, dado que estamos formulando unha relación de postos de traballo, e que inicialmente, supoño que non por falta de coordinación, porque senón, non entendería moi ben como se levan os temas a unha comisión, na que inicialmente se utiliza o criterio de libre designación, co cal os tres se equipararían e despois se cambia o criterio, simplemente deixando algo que todos coñecemos a historia, que mentres estaba o Sr. Loscos, funcionario exemplar e que todos lle expresamos o noso recoñecemento e a nosa gratitude, pero non había necesidade de cambiar o sistema de provisión mentres estaba el, que fora elixido por concurso, o tema preséntase, obviamente, cando se produce a renovación. Non dando ningunha explicación plausíbel dese cambio de criterio, a nosa posición non é negativa, é de abstención, pura e simplemente ao non ter unha explicación racional e lóxica de por que nun dos tres postos relevantes da casa se utiliza o sistema de concurso e nos outros dous os de libre designación. Polo tanto abstención.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 15 deputados (PP)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Primeiro: Incorporar á relación de postos de traballo vixente os méritos específicos que seguidamente se detallan para a provisión do posto de traballo de interventor xeral polo procedemento de concurso.

Segundo: Establecer os méritos específicos que a continuación se indican, coa puntuación que se detalla para cada un deles, polas razóns que en cada caso se sinala:

- (a) Polo exercicio das funcións de fiscalización e control do gasto público reservadas a interventor-tesoureiro de categoría superior, en postos de interventor, viceinterventor ou interventor adxunto de deputacións provinciais, cabidos ou consellos insulares, 0,25 puntos por cada ano ou fracción, cun máximo de 3 puntos. (A través deste apartado preténdese valorar a aqueles cometidos que teñen maior significación nas corporacións provinciais tales como os plans

provinciais e a actividade de fomento provincial, e o coñecemento práctico das súas especialidades funcionais e orgánicas).

- (b) Por asistir a cursos de Dirección ou Xestión Pública impartidos ou recoñecidos oficialmente polo Instituto Nacional de Administración Pública ou polas institucións autónomas de formación do persoal das Administracións públicas dunha duración superior a 130 horas lectivas: 0,5 puntos por cada curso das características indicadas, cun máximo de 1,5 puntos por todos eles. (Mediante este mérito preténdese valorar o coñecemento das técnicas de dirección e xestión pública e o fomento das habilidades directivas, propias do posto de traballo que se vai prover, tal e como se recoñece na normativa autónoma para determinados postos de traballo da comunidade autónoma).
- (c) Por actividades formativas impartidas en cursos, xornadas e seminarios organizados, recoñecidos ou homologados polo Instituto Nacional da Administración Pública e polas institucións autónomas de formación do persoal das Administracións públicas dende o 1 de xaneiro de 2001 ata a data, sobre materias propias ou relacionadas coas funcións reservadas a interventores-tesoureiros, 0,025 puntos por cada hora de impartición, cun máximo de 1,5 puntos. (De este modo procúrase tomar en consideración a actualización e perfeccionamento dos coñecementos requiridos para o desempeño do posto de traballo).
- (d) Polo coñecemento do idioma galego, acreditado mediante a realización do curso de Iniciación ou equivalente 0,5 puntos, mediante a realización do curso de Perfeccionamento ou equivalente 0,5 puntos, por outros cursos de nivel superior aos expresados 0,5 puntos, totalizando este apartado como máximo 1,5 puntos. (A través deste mérito procúrase un incremento na ponderación atribuída ao coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma de Galicia no baremo de determinación autonómica e a súa fundamentación resulta evidente en relación co proceso de normalización lingüística).

Terceiro: Os méritos específicos expresados deberán acreditarse a través das certificacións expedidas polos órganos competentes da entidade oficial que en cada caso proceda.

Cuarto: O Tribunal de valoración dos méritos estará constituído polos seguintes membros:

**Presidente**

Titular: O presidente da Corporación

Suplente: O vicepresidente

**Vocais:**

- 1.- Titular: O secretario xeral da Deputación provincial.  
Suplente: A oficial maior da Deputación provincial.
- 2.- Titular: O tesoureiro xeral da Deputación provincial.  
Suplente: A vicetesoureira da Deputación provincial.
- 3.- Titular: Un representante designado pola Xunta de Persoal que teña a condición de funcionario da Corporación do grupo A da función pública.  
Suplente: Un representante designado pola Xunta de Persoal que teña a condición de funcionario da Corporación do grupo A da función pública.
- 4.- Titular: Un representante da Comunidade Autónoma de Galicia designado pola Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.  
Suplente: Un representante da Comunidade Autónoma de Galicia designado pola Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

**Secretario:**

Exercerá as funcións de secretario do Tribunal o secretario da Deputación provincial, ou o seu suplente, segundo proceda.

Quinto: O posto de traballo de interventor xeral da Deputación provincial incluírase na primeira convocatoria do concurso ordinario, co fin de proceder á súa provisión o antes posible.

Sexto: Do presente acordo darase traslado á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia e á Dirección de Administración Local do Ministerio das Administracións Públicas.”

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

Sr. López Crespo

O grupo popular quería facerlle, Sr. presidente, catro rogos. O primeiro -algúns rogos son tal vez de esquisitez, de pureza; outros, teñen máis contido-, o primeiro ten que ver con que este grupo popular lle quere rogar que se evite no posíbel que algún concello, teña a cor política que teña, repartan axendas da deputación coa tarxeta do alcalde e do concelleiro desa corporación, que nin sequera son deputados provinciais. Comprendemos,

eu mesmo reparto algunha axenda a persoas do concello, pero consideramos unha descortesía ou, en todo caso, un exceso de celo de atención ao cidadán repartir axendas da deputación coa tarxeta do alcalde e dun concelleiro, que non son nin sequera deputados.

O segundo rogo ten que ver tamén, por pura cortesía, cos compañeiros de corporación a propaganda que nalgúns casos se fixo da convocatoria de subvencións previamente á súa convocatoria, parécenos que todos os deputados teñen non só o dereito, senón a obriga de informar aos cidadáns, repito: non só o dereito, senón a obriga, pero creo que unhas mínimas normas de hixiene na nosa conduta debe impedir que se dean esas cotenadas nas saídas, mesmo, e apelo unha vez máis aquí á credibilidade dos políticos, que está bastante deteriorada, entón isto pode crear algún despiste na cidadanía. Repito: é lícito, é obrigación que todos fagamos publicidade e divulguemos o máximo as convocatorias de subvención.

O terceiro rogo, perdón, ten que ver cunha carta que hoxe recibiron algúns clubs, un do meu concello, onde o presidente da Comisión de Deportes lles comunica a imposibilidade de atender o convenio Xunta-Deputación, de 200 millóns de pesetas, para as subvencións a clubs federados. Parécenos que esa información é certa, polo tanto, non podemos condenala, pero si o incompleta que vai. Esta deputación sufriu, viuse influída polas eleccións municipais de maio pasado, e o grupo de goberno fixo modificacións orzamentarias de acordo coas necesidades de calendario para cumprir compromisos que tiñan algunhas partidas, e cambiou diñeiro dunha partida para outra. Unha vez pasadas as eleccións, e á vista de que se dilataba a constitución desta deputación, pretendeu facer modificacións orzamentarias para volver a dotar esa partida e poder cumprir co convenio Xunta-Deputación a clubs, algo moi importante nalgúns casos, de vital necesidade para poder perviviren os clubs. Isto sábeo o Sr. presidente, el mesmo nos advertiu publicamente no pleno que non debiamos facer ningunha xestión que non fora ordinaria, mesmo chegou a haber reunións dos técnicos da casa para ver se se podía facer, aconsellaron que non se debía, unha información técnica o Sr. presidente, naquel intre voceiro do grupo do Partido Socialista, anunciou publicamente e en privado que non o fixeramos. Parécenos unha descortesía mandar esta carta. Iso obrigáranos a facer unha rolda de prensa e facer unha carta explicativa a todos os clubs afectados por esta decisión. En todo caso, como estamos a tempo, eu pediríalles que unha vez prorrogados os orzamentos, puideran facer a modificación orzamentaria necesaria para dotar de diñeiro a esa partida e que puideran aínda cumprir co diñeiro do 2003.

En todo caso pedimos moi encarecidamente que se contemple nos orzamentos e que en 2004 se siga mantendo ese importante capítulo na subvención dos clubs federados da provincia da Coruña.

O rogo número catro, tal vez xa un pouco a destempo, pero non houbo tempo porque non houbo pleno até agora, ten que ver coa súa presenza institucional na manifestación convocada pola plataforma cidadá pola defensa da democracia en Sada. É evidente que antes do rogo quero deixarlle claro e patente a lealdade e o recoñecemento da súa autoridade institucional como presidente da deputación, dixémosllo, seguimos dicíndollo e imos seguir dicíndollo; porén, parécenos pouco apropiado que vostede, como presidente da deputación, preséntese nesa manifestación, a proba témola hoxe: un caso lamentábel, moito máis grave tal vez, como é o caso de Toques, vostede e os grupos, recorreremos a unha declaración institucional, parécenos que é a forma. Se vostede vía o perigo, e eu creo que o vía, porque todos o víamos, ou en perigo a democracia, ou que a democracia estaba sufrindo algunha arremetida forte por parte dalgunhas persoas, podía como cidadán, como deputado, como concelleiro do PSOE, como deputado do PSOE, ir a esa manifestación. Ir de forma institucional - non digo consultalo-, sen esgotar previamente a vía de diálogo cos tres grupos, paréceme que foi da súa parte unha descortesía.

Pero digo máis: é importante a defensa da democracia, moi importante. E a nosoutros, dende o Partido Popular, cos medios á man, respectando os límites éticos de forzar ás persoas a tomar decisións, intentamos evitar esa moción. O que nos abraia é que pola súa parte, que tamén era deputado e político cando foi a moción de censura de Oroso, non fixera nada, entón entra a sospeita de que en Sada o que se defende é a democracia ou non se defende a democracia, porque de defender a democracia o mesmo cualificativo de transfugismo o merecía o que pasou no Concello de Oroso hai pouco tempo, e vostedes permaneceron calados, aquí e na rúa, non sexa que en vez de estar defendendo o grao de democracia esteamos defendendo o metro cadrado de democracia, sería moi grave. Sabemos que non é habitual en vostede, coñecemos os seus principios democráticos, coñecemos a súa defensa da democracia; neste caso decepcionounos. Rogámoslle que no futuro o faga pensando un pouco máis.

Máis nada.

Sr. presidente

Gracias, Sr. López Crespo. Con respecto ao primeiro rogo, ignoro se se distribuíron as axendas con tarxetas de concelleiros ou alcaldes que non son deputados, ignóroo. Non ten que ser así, as axendas distribuíronse sempre e se seguirán distribuíndo cos atentos saúdos do presidente da Deputación provincial. Non sei en que caso se presentou iso, onde foi, pero trataremos de correxilo, aínda que tampouco digo que o vaia evitar ao cen por cento porque non podo evitar que alguén colla unha caixa e lle poña unha tarxeta.

No tocante ás subvencións, sei que houbo informacións pero paréceme que foron informacións o mesmo día que saía no Boletín Oficial da Provincia...



Sr. López Crespo

Cinco días antes.

Sr. presidente

¿Cinco días antes da publicación? Ben, pois moi ben, está ben que se fagan as publicacións. De todas formas, rogareille aos compañeiros que fagan as informacións unha vez que se publique.

Con respecto ao terceiro punto, si que non podo estar de acordo porque mire, non foi unha descortesía, foi unha obriga o que fixo o Sr. presidente da Comisión de Deportes, porque nos chegou a nova, e está comprobado, que a Xunta estivo dicindo aos clubs que non se daban as subvencións porque o novo equipo de goberno non quería dar subvencións, e iso asentouse nos clubs, e iso non é certo. Como vostede di, o contido da carta é rotundamente certo ao cen por cento, non hai convenio, non hai partida orzamentaria, malamente podemos darlle diñeiro á Xunta para que repartan as subvencións. E nosoutros non dixemos nada, pero chega un momento, cando nos chaman por teléfono, e din que “a Xunta está dicindo que vostedes non queren dar a subvención”, pois temos que dar unha explicación, e a explicación é clara: non hai convenio; o equipo de goberno que tiña a oportunidade e o tempo político para facelo non o fixo, e o equipo de goberno que preveu nos orzamentos do ano 2003 unha partida orzamentaria para esa finalidade, gastouna en abril, e unha pequena cantidade en xullo, e deixou esa partida a cero, e cando nosoutros tomamos posesión o 26 de novembro, resulta que o 3 de decembro non hai convenio e non hai partida orzamentaria. Polo tanto ¿de que somos responsábeis nosoutros? Son responsábeis vostedes, porque vostedes tiveron oportunidade, dende o 1 de xaneiro ata o 25 de maio, de asinar o convenio coa Xunta de Galicia e de transferir os fondos que estaban previstos nos orzamentos á Xunta de Galicia para esa finalidade. Polas razóns que foran, decidiron baleirar esa partida con transferencias de modificacións de crédito para outras subvencións.

Ben, ¿imos seguir o vindeiro ano? Creo que si, imos seguir o vindeiro ano con esta subvención, non asinando un convenio coa Xunta, nosoutros sempre defendemos que non temos por que financiar á Xunta, o que faga a deputación farao a deputación, pero non ten que transferir 200 millóns de pesetas a deputación da Coruña para que a Xunta de Galicia distribúa este diñeiro da deputación entre as federacións; faremolo nosoutros, non a Xunta.

Con respecto ao cuarto rogo, eu fun á manifestación como presidente da deputación, faltaría máis!, son o presidente da deputación, e dende logo, non penso pedir permiso a ningún grupo, despois as miñas actuacións serán obxecto de crítica, pero dende logo non

penso pedirlle a ningún grupo, para facer o que a miña conciencia e as miñas conviccións me esixen. E eu fun, conscentemente, a denunciar algo que creo que deberíamos de denunciar todos, que son prácticas intolerábeis na política española, prácticas que por certo tardaron abondo tempo en seren castigadas e denunciadas polos que tiñan a responsabilidade, orgánica e política, de denunciar e de penalizar.

E non é igual o tema de Sada ca o tema de Oroso. Hai compoñentes diferentes, que penso que polo decoro desta sala e polo decoro de todos nosoutros, mellor é non comentar.

¿Algún rogo máis?... Non hai debate, é un rogo, fixen a resposta a ese rogo, pero non hai debate, Sr. López Crespo... non hai debate, é un rogo, pode non lle gustar a miña resposta... se é outro rogo si.

#### Sr. López Crespo

Que reflexione sobre a motivación que o levou á manifestación de Sada. Rógolle por unha razón: acabo de descubrir que vostede non defendía a democracia en Sada, ou lle naceu o espírito de defensa da democracia despois do de Oroso, o caso tanto ten: transfuguismo, só que vexo que non se defendía o grao de democracia; defendíase o metro cadrado de democracia, agora acabo de comprobalo. Sr. Moreda, non pode unha persoa evolucionar en tan pouco tempo nesa dirección, iso é unha regresión e rógolle que estudie profundamente a motivación que o levou alá, acabo de comprobar persoalmente que non foi a defensa da democracia. O caso é o mesmo, diga todo o que queira, non hai nada que ocultar na defensa da democracia, se hai algún chourizo, póñaselle marca, pero dígase que é chourizo; o Partido Popular non ten ningún inconveniente en dicilo, o Partido Popular, co límite dos medios éticos, tratou de neutralizar esa moción, non se neutralizou, vostede, rógolle, reitérolle, que por favor faga unha introversión profunda e descubra que motivación o levou a Sada. Se ten algún tipo de atavismo, díganolo, dixémosllo o primeiro día, axudarémoslle a vencelo.

#### Sr. presidente

Gracias, Sr. López Crespo. No tema de Oroso era un alcalde corrupto, onde o pobo pedía a súa destitución, e no tema de Sada non había ningún alcalde corrupto, e hai unha persoa que utilizou a corrupción para botar a un alcalde legalmente elixido, ¿vale?

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remátase a sesión sendo as dezanove horas, procedéndose a redactar a acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.

